

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 21 DE XUÑO DE 2005-

6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE SUBVENCIÓN DE REHABILITACIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE XUÑO DE 2005

Acórdase a aprobación inicial de dúas subvencións para rehabilitación de vivendas do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 14.560,10 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
José Romualdo Nogueira Paz	R/ Trindade, 11	2.263,37
María Jesús Baluja Bermúdez, en representación da comunidade de propietarios	Avda. de Figueroa, 4	12.296,73

Acórdase a aprobación inicial de dúas subvencións para rehabilitación de locais do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 12.018,50 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Carlos Rivadulla Salgueiro	R/ Mazarelos, 8-baixo	6.010,12
Eva María Dosil Tomé	R/ Algalia de Arriba, 10	6.008,38

Acórdase a aprobación definitiva de unha subvención para rehabilitación de vivendas do casco histórico (Consortio) que de seguido se detalla polo importe de 12.018,50 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Consuelo Martínez Quintero	R/ San Pedro, 84-1º	2.096,53

8.- Aprobación definitiva do proxecto de equidistribución da unidade número 6 (U-6) de Galeras-Fenosa do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1).

Acórdase aprobar definitivamente o proxecto de equidistribución da unidade número 6 (U-6) de Galeras-Fenosa do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1).

9.- Aprobación inicial do Proxecto de reparcelación da unidade de xestión número 16 (UX-16) do Plan xeral de ordenación urbana (PXOU). Costa de Santas Mariñas.

Acórdase aprobar inicialmente o proxecto de reparcelación da unidade de xestión número 16 (UX-16) do Plan xeral de ordenación urbana (PXOU). Costa de Santas Mariñas.

10.- Aprobación, se procede, do prezo de venda ó público do DVD da exposición pública do Plan xeral de ordenación municipal.

11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de Actuación en antigo tramo da N-525 do Ministerio de Fomento. Zona 4 (Piñeiro-Eixo).

Acórdase aprobar o proxecto redactado pola empresa PROYFE SL, do prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 59.389,49 euros, IVE incluído.

13.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes relativa ó contrato de Xestión do Transporte Urbano de Santiago de Compostela.

Acórdase a continuidade do contrato de explotación do transporte colectivo urbano de viaxeiros suscrito coa empresa TRAP SA polo período indispensable para efectuar unha nova adxudicación que, en todo caso, non excederá de seis meses.

14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico relativa á prorroga do contrato de mantemento, conservación e reparación das instalacións semafóricas de regulación do tráfico centralizadas.

Acórdase prorrogar por un ano o contrato de referencia suscrito coa UTE Sainco Tráfico S.A.-Daviña S.L., a contar desde o 1 de agosto de 2005, así como a actualización do prezo de acordo coa variación experimentada polo IPC no período correspondente.

15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico relativa á prorroga do contrato de mantemento, conservación e reparación do sistema de control de acceso restrinxido ó casco histórico.

Acórdase prorrogar por un ano o contrato de referencia suscrito coa empres TELVENT S.A., a contar desde o 1 de agosto de 2005, así como a actualización do prezo de acordo coa variación experimentada polo IPC no período correspondente.

16.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde das obras de rehabilitación da fábrica de curtidos de Huidobro como centro de Interpretación Ambiental.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente de contratación da Asistencia Técnica para a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde das obras de rehabilitación da fábrica de curtidos de Huidobro como Centro de Interpretación Ambiental, establecéndose un tipo de licitación de 15.200 euros, IVE incluído.

17.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes relativa á incautación da garantía definitiva á empresa Setega Asistencia SL por incumprimentos na explotación dos servizos de cafetería e dársena de Xoán XXIII.

Acórdase incautar a garantía definitiva constituída pola empresa Setega Asistencia S.L. polo importe de 12.020,24 euros por incumprimentos na explotación dos servizos de cafetería e dársena de Xoán XXIII e iniciar os procedementos necesarios para a reclamación da cantidade de 57.679,33 euros, que é a restante ata completar o total dos danos ocasionados e cuantificados en acordo de Xunta de Goberno de 10 de maio de 2005.

19.- Proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico e Seguridade Cidadá relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do subministro e instalación de bolardos nas rúas do Pombal, Hortas e Virxe da Cerca.

Apróbase o presuposto de subministro e instalación de bolardos nas rúas do Pombal, Hortas e Virxe da Cerca redactado polo xefe da Sección de Circulación por un importe de 29.830,91 euros, IVE engadido, así como a autorización para realizar os trámites necesarios e a aprobación do correspondente prego e o inicio do expediente.

20.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda para dar conta da subcontratación da empresa Xestriloc por parte de Gestión Tributaria Territorial SA no contrato de asistencia técnica para o asesoramento e colaboración na Inspección Fiscal do Concello.

Autorízase á empresa Xestriloc SL a acceder aos datos persoais do Concello de carácter tributario indispensábeis para a prestación dos servizos subcontratados, quedando así mesmo esta empresa suxeita ás recomendacións do Concello en materia de protección de datos de carácter persoal.

21.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de reforma de alumeadado público en Fonte de San Antonio (tramo Praza de Galicia-Patio de Madres).

Acórdase adxudicar as citadas obras a favor da empresa DAVIÑA S.L. por importe de 11.973,43 euros, IVE incluído.

22.- Proposta da Concelleira Delegada de Réxime Interior relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para o asesoramento técnico en prevención de riscos laborais para os traballadores do Concello de Santiago.

Acórdase aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas así como o inicio do expediente de contratación de referencia, establecéndose un tipo de licitación de 30.000 euros, IVE incluído.

23.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa á adxudicación da asistencia técnica para a redacción do proxecto e dirección facultativa das obras de acabado da 3ª planta do Centro Sociocultural de Fontiñas.

Acórdase adxudicar a asistencia técnica de referencia a favor da empresa GEN SL, con CIF B-15956089 por importe de 6.960 euros, IVE incluído.

24.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á adxudicación do subministro de banquiños para o estadio de San Lázaro.

Acórdase aprobar o subministro de banquiños para o estado de San Lázaro por un importe de 8.483,46 euros.

25.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación e adxudicación do proxecto modificado do pavillón polideportivo cuberto do SUNP-17 do Restollal.

Apróbase o devandito proxecto por importe de 1.065.374,16 euros, o que supón un incremento de 65.916,48 euros. (6,59% do importe principal), adxudicándose á mesma empresa adxudicataria do proxecto principal, Generoso Angeriz S.L.

26.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de Actuación en antigo tramo da N-525 do Ministerio de Fomento. Zona 1 (A Susana-Marrozos).

Acórdase aprobar o proxecto redactado por PROYFE SL, e o prego de cláusulas administrativas e inicio do expediente de contratación de referencia, cun tipo de licitación de 72.246,88 euros, IVE incluído.

27.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de actuación en antigo tramo da N-525 do Ministerio de Fomento. Zona 2 (A Pajuela-Marrozos).

Acórdase aprobar o proxecto redactado por PROYFE SL, o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación de referencia, cun tipo de licitación de 103.457,66 euros, IVE incluído.

28.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de acondicionamento e equipamento de local en San Lázaro (2ª fase).

Acórdase aprobar o devandito a por un importe de 55.029,45 euros, e cun prazo de execución das obras de dous meses.

29.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto e inicio do expediente de contratación das obras de actuación en antigo tramo da N-525 do Ministerio de Fomento. Zona 3 (Xubria-Marrozos).

Acórdase aprobar o proxecto redactado por PROYFE SL, o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación de referencia, cun tipo de licitación de 21.216,41 euros, IVE incluído.

30.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das obras de reforma de alumeadado público en Quintáns, Fraiz, Feáns e Carlexo.

Acórdase adxudicar as citadas obras a favor da empresa DAVIÑA S.L., por importe de 29.992,55 euros, IVE engadido.

34.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación das actividades da Escola de Verán organizadas polo departamento en colaboración con Asociacións da cidade.

Apróbbase o programa de actividades da Escola de Verán 2005, que inclúe un presuposto de 9.000 euros, xa aprobado na Xunta de Goberno do 14 de febreiro de 2005.

35.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuíto do campo de fútbol das Cancelas para celebra-la II Xornada Deportiva.

Atendendo a petición do Presidente da Asociación de Veciños Monte do Gozo acórdase conceder, con carácter gratuíto o uso da devandita instalación municipal o próximo 25 de xuño para o desenvolvemento da II Xornada Deportiva orientada ao fomento do deporte entre os cativos do barrio.

36.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuíto do estadio de San Lázaro e dos campos de fútbol de San Lázaro II e Cancelas para a celebración da "Compostela Cup", así como diversas autorizacións.

Atendendo a solicitude da Fundación Compostela Deporte acórdase conceder o uso gratuíto do estadio municipal de San Lázaro e dos campos de fútbol de San Lázaro II e Cancelas do 17 ao 23 de xullo para o desenvolvemento da competición "Compostela Cup", así como autorización para colocar publicidade.

37.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuíto do campo municipal de Santa Isabel para celebrar un encontro amigábel.

Atendendo a solicitude de D. Jesús Cea Seoane en representación de "El Correo Gallego" , acórdase conceder, con carácter gratuíto o uso do devandito campo municipal o sábado 25 de xuño para celebrar un encontro amigábel entre o persoal do xornal "El Correo Gallego" e a Radio Televisión de Galicia.

38.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión dunha subvención á Fundación Compostela Deporte.

Acórdase aprobar o convenio de colaboración coa decandita Fundación así como unha subvención por un importe de 29.000 euros.

39.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa a diversos cambios na partida de actividades deportivas co fin de aproba-lo orzamento dos Xogos do Eixo Atlántico 2005.

Acórdase aprobar a celebración dos Xogos do Eixo Atlántico do 11 ao 16 de xullo cun orzamento de gastos de 31.827,46 euros, con cargo ao Eixo Atlántico e de 91.960 con cargo ao Concello.

40.- Proposta da Alcaldía relativa á segregación dunha parcela e aprobación do Convenio entre o Concello e a S.G.A.E para a concesión demanial da parcela E da "finca Vista Alegre".

Acórdase segregar do predio matriz a parcela E da "finca Vista Alegre", de forma rectangular, cunhas dimensións de 116,50 x 10,16 metros e cunha superficie total de 1.181,68 m² que linda ao norte sur e leste co resto de predio matriz e ao oeste coa estrada de Santiago a Santa Comba (rúa das Salvadas). Así mesmo, acórdase aprobar o devandito convenio, autorizando ao alcalde para a súa sinatura.

42.- Dar conta da sinatura do Convenio entre a Deputación Provincial de A Coruña relativo ó XVII Programa de teatro e títeres para compañías profesionais.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, asinado o 9 de maio de 2005.

43.- Dar conta da concesión dunha subvención ó Concello para o fomento do desenvolvemento local, pola Xunta de Galicia.

Dáse conta da devandita subvención polo importe de 8.398,00 euros para a realización do "estudio sobre o comercio local, a industria e o sector servizos en Santiago" e "O directorio de empresas e profesionais". O concello achegará 3.602 para este estudio.